



A Sociedade da Información en Galicia
desde unha perspectiva de xénero

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2013


Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción
2. Plans Estratéxicos e Boas Prácticas
3. A Fenda Dixital de Xénero
 - 3.1. Uso do ordenador nos últimos tres meses
 - 3.2. Uso de Internet nos últimos tres meses
 - 3.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses
 - 3.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet
4. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat
5. Conclusións

1. INTRODUCCIÓN



1.Introdución


Obxectivos

- **Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no uso e acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia**
- **Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.**

Fontes de información:

- Enquisa de Condicións de vida das familias – Indicadores tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE).
- *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H)*. INE.

2. PLANS ESTRATÉGICOS E BOAS PRÁTICAS



Na actualidade, a Xunta de Galicia está a desenvolver diversas actuacións, enmarcadas na Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, co obxectivo firme de garantir a capacitación dixital de toda a cidadanía, en especial dos colectivos máis afectados pola fenda dixital. As principais actuacións postas en marcha son a Rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) e o Programa de Voluntariado Dixital (VOLDIX).

CeMIT

OBXECTIVO:

Difundir os coñecementos e prácticas no uso das TIC, en especial nos lugares e colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente.

ACTIVIDADES:

A Rede ofrece un amplo abano de servizos orientado a impulsar o coñecemento nas TIC baseándose na formación, nas actividades de difusión e na aula aberta.

RESULTADOS:

Permitiu a alfabetización dixital de máis de 31.000 galegos e galegas, a través da impartición de máis de 56.000 horas de formación, e contando para isto con 98 aulas, repartidas en 92 concellos de 53 comarcas.



OBXECTIVO:

Incorporar as novas tecnoloxías á vida cotiá de todos os galegos e galegas por medio da colaboración e o compromiso de persoas voluntarias, co obxectivo de mobilizar á sociedade cara unha Sociedade da Información e o Coñecemento.

PERSOAS DESTINATARIAS:

Oriéntase especialmente a cubrir as carencias tecnolóxicas daqueles colectivos que presentan un maior risco de exclusión social.

RESULTADOS:

220 persoas voluntarias e 78 entidades colaboradoras adheridas ao programa.




“TOMANDO AS RENDAS”

Proxecto enfocado ás mulleres de entre 20 e 50 anos das áreas rurais con maior dispersión e envellemento demográfico, que ofrece formación e solucións de autoemprego e emprendemento.

“MIRADAS DE MULLER”


Iniciativa dirixida a ofrecer formación e solucións de autoemprego a mulleres desempregadas do rural e aquelas procedentes de barrios obreiros ou periféricos das cidades con dificultades de desenvolvemento profesional, para a súa incorporación no mundo empresarial utilizando servizos dixitais no campo da fotografía.

3. A FENDA DIXITAL DE XÉNERO



3.1 Uso do ordenador nos últimos tres meses

Uso do ordenador nos últimos tres meses
segundo o sexo.
Comparativa Galicia-España




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE) - INE

En Galicia, un 61,9% dos homes usou o ordenador nos últimos tres meses, fronte a un 57,7% das mulleres.

Aínda que os datos son inferiores á media estatal, a fenda é menor en Galicia, sitúandose en 4,2 puntos, fronte aos 4,9 de España.


Uso do ordenador nos últimos tres meses por sexo e idades.




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

A fenda dixital de xénero está fortemente influenciada pola idade: na franxa dos 16 aos 44 anos as mulleres superan aos homes no uso do ordenador. A partir dos 45 anos, a tendencia invértese, e a fenda aumenta conforme o fai a idade, sendo especialmente desfavorable para as mulleres entre os 65 e os 74 anos.

EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Uso do ordenador nos últimos tres meses.
Comparativa Galicia-España
(% sobre persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE) - INE




Fonte: INE

A fenda dixital de xénero presenta unha tendencia decrecente, tanto a nivel galego como estatal. España experimentou a redución máis significativa, pasando de 7,1 puntos no ano 2008 a 4,9 no ano 2012. En Galicia, a fenda dixital de xénero reduciuse en medio punto no período 2008-2012.

3.2 Uso de Internet nos últimos tres meses


**Uso de Internet nos últimos tres meses
segundo o sexo.
Comparativa Galicia-España**



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE) - INE


En Galicia, un 55,5% das mulleres e un 59,4% dos homes fixo uso de Internet nos últimos tres meses. A fenda dixital de xénero no uso de Internet en Galicia é inferior á media española, con 3,9 puntos en Galicia fronte a 5,2 en España.

A tendencia observada no uso do ordenador repítese para o uso de Internet por xénero e idade: entre os 16 e os 44 anos, as mulleres superan aos homes no uso de Internet, e a partir dos 45, a fenda de xénero vóltase desfavorable para as mulleres.




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Uso de Internet nos últimos tres meses.
Comparativa Galicia-España
(% sobre persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE) - INE




Fonte: INE

A fenda de xénero en canto ao uso de Internet reduciuse progresivamente entre os anos 2008 e 2012, tanto en Galicia (redución de 2,6 puntos) como en España (diminución de 2,7 puntos). En Galicia, a fenda dixital de xénero é inferior á estatal nos tres períodos analizados.

3.3 Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo (%)




Un 19,3% de mulleres galegas adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses, fronte a un 22,2% dos homes.

Cabe salientar que a fenda dixital de xénero en Galicia é a metade da fenda existente a nivel estatal.

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE) - INE

De novo, as mulleres galegas xóvenes de 16 a 34 anos empregan o comercio electrónico en maior medida que os homes. Neste indicador non se observan diferenzas tan significativas entre os homes e mulleres nos tramos de maior idade porque as compras a través de Internet están pouco estendidas a partir dos 55 anos.

Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses por idades.




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

3.4 Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

Nos indicadores relacionados coa interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, as galegas superan aos homes neste uso da Rede mentres que, a nivel estatal, os homes avantaxan as mulleres no emprego da eAdministración

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet para obter información, segundo o sexo (%)




Base: Persoas que utilizaron Internet.

Nota metodolóxica: O indicador de Galicia refírese aos últimos tres meses mentres que o estatal ten como período de referencia os doce últimos meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE) - INE

O 60,9% das galegas interactuaron con algunha AAPP co fin de obter información a través da Rede, fronte ao 58,0% dos galegos.

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet para descargar formularios oficiais, segundo o sexo (%)



Base: Persoas que utilizaron Internet.


Nota metodolóxica: O indicador de Galicia refírese aos últimos tres meses mentres que o estatal ten como período de referencia os doce últimos meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE) - INE

As mulleres galegas tamén descargan en maior medida formularios oficiais das AAPP a través de Internet: un 48,7% fronte ao 46,6% dos homes.

Ademais, a porcentaxe de mulleres galegas que usan a eAdministración para descargar impresos supera en máis de dez puntos a media estatal.

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet para enviar formularios cumprimentados, segundo o sexo (%)



Base: Persoas que utilizaron Internet.

Nota metodolóxica: O indicador de Galicia refírese aos últimos tres meses mentres que o estatal ten como período de referencia os doce últimos meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE) - INE

De novo, en Galicia, a interacción coas AAPP para enviar formularios cumprimentados é empregada en maior medida polas mulleres.

4. A FENDA DIXITAL DE XÉNERO SEGUNDO O HÁBITAT




A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial

Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres, estudando os indicadores anteriores segundo as seguintes variables xeográficas:

- Provincias
- Tamaño de hábitat
- Áreas comarcais
- Sete concellos con maior poboación de Galicia


Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero e provincia



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

A desigualdade de xénero en termos de fenda dixital no uso do ordenador nos tres últimos meses é máis acusada nas provincias da Coruña e Ourense, mentres que Lugo presenta os datos máis positivos.


Persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses por xénero e hábitat




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Se atendemos ao tamaño do hábitat, atopamos que é nos núcleos urbanos e semiurbanos onde a fenda de xénero se manifesta de xeito máis significativo, mentres que nos hábitat máis pequenos as diferenzas entre mulleres e homes no uso do ordenador no último trimestre son menos relevantes, probablemente debido a que os datos de uso das TIC, tanto en homes como en mulleres, sitúanse en niveis máis baixos.

Mapa de persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais




Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero e nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Dos sete grandes concellos de Galicia destacan Ferrol e Santiago coas fendas máis amplas. Lugo é o concello onde a fenda de xénero no uso do ordenador amosa o valor máis reducido.


Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e provincia



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Tal e como sucedía co uso do ordenador, Lugo volta a ser a provincia galega que presenta o mellor dato en termos da fenda dixital de xénero no que se refire ao uso de Internet. A Coruña, cunha fenda dixital de case 5 puntos porcentuais para este indicador, obtén o peor resultado.


Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e hábitat



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)


A análise segundo o hábitat amosa de novo que a fenda de xénero, practicamente inexistente nos núcleos rurais de menor tamaño, é moi profunda nas cidades, onde as mulleres se sitúan 6,3 puntos por debaixo dos homes no uso de Internet no último trimestre.

Mapa de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais



Igual que no uso do ordenador, Lugo oriental é a única área comarcal onde a porcentaxe de mulleres que usan Internet é superior á dos homes. Na área comarcal “Lugo Sur” tamén se rexistran valores moi próximos no uso de Internet entre os homes e as mulleres. De novo, a área comarcal “Ourense Sur” presenta a maior fenda dixital de xénero (9 puntos)


Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

En coherencia cos datos referentes ao uso do ordenador, tamén no uso de Internet no último trimestre son Ferrol e Santiago os concellos galegos onde as diferenzas de xénero se aprecian con maior claridade, e Lugo o que amosa a menor fenda.


Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e provincia



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Na provincia de Lugo, a porcentaxe de mulleres que compra a través da Rede supera lixeiramente á porcentaxe de homes. A Coruña é a provincia onde a fenda dixital de xénero resulta máis acusada.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e hábitat




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)


A compra de bens ou servizos a través de Internet concéntrase principalmente nas cidades que, xunto cos núcleos poblacionais de entre 5.001 e 10.000 habitantes, son os hábitats que presentan a maior fenda dixital de xénero.

Nos municipios de menor tamaño, pola súa banda, as diferenzas en función de xénero son reducidas para este indicador, igual que sucedía no uso do ordenador e Internet.

Mapa de persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais




**Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses
por xénero e nos sete grandes concellos de Galicia**



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

O predominio masculino na compra a través de Internet faise patente en Pontevedra e Santiago, con fendas de 7,9 e 7,1 puntos porcentuais respectivamente, mentres que Ourense e Lugo presentan as diferenzas menos acusadas neste senso.

Persoas que enviaron formularios cumprimentados ás AAPP a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e provincia




Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

En todas as provincias galegas o uso de Internet para enviar formularios cumprimentados ás AA.PP. é superior para as mulleres, especialmente en Lugo e Ourense e con menores diferenzas nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Persoas que enviaron formularios cumprimentados ás AAPP a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e hábitat




Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)


A relación coas AA.PP. para enviar formularios cumprimentados a través de Internet é unha actividade máis frecuente nas cidades. Nos concellos de 5 a 10 mil habitantes e nos de 20 a 50 mil, a porcentaxe de mulleres que interactúan coas AA.PP. para esta finalidade supera máis amplamente á correspondente porcentaxe de homes.

Mapa de persoas que enviaron formularios cumprimentados ás AAPP a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais



Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
 Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Persoas que enviaron formularios cumprimentados ás AAPP a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e nos sete grandes concellos de Galicia



Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

Dos sete grandes concellos galegos, Pontevedra e Vigo presentan os usos máis frecuentes nos envíos de formularios cumprimentados ás AAPP a través de Internet nos últimos tres meses e soamente existe fenda dixital de xénero en Ferrol, Pontevedra e Santiago.

6. CONCLUSIONES

- A fenda dixital de xénero é inferior en Galicia que en España.
- No período 2008-2012, a fenda de xénero no uso de Internet reduciuse progresivamente, tanto en Galicia (reducción de 2,6 puntos) como en España (diminución de 2,7 puntos).
- A fenda dixital de xénero está fortemente influenciada pola idade: na franxa dos 16 aos 44 anos as mulleres superan aos homes no uso das TIC. A partir dos 45 anos, a tendencia invértese, sendo especialmente desfavorable para as mulleres entre os 65 e os 74 anos.
- As mulleres galegas usuarias de Internet avantaxan aos homes no uso da Administración electrónica. A nivel estatal, esta tendencia invértese.
- Por provincias, Lugo é a provincia onde se observa unha menor fenda dixital de xénero e A Coruña a que presenta unha maior desigualdade entre homes e mulleres no uso das TIC

